

UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A MOBILIZARSE O 1º DE MAIO POLA SUBA DOS SALARIOS, A CONTENCIÓN DOS PREZOS E MÁIS IGUALDADE

Redacción.- O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, xunto á secretaria xeral do S.N. de CCOO de Galicia presentaron en Santiago en rolda de prensa o 1º de Maio que este ano vaise celebrar baixo o lema "A solución: subir salarios, conter prezos e máis igualdade".

Así, o secretario xeral de UGT-Galicia destacou que este 1º de Maio vai ser unha data para a celebración, orgullo polo conseguido froito da concertación e diálogo social, para defender e esixir que o conseguido se cumpra pero tamén para poñer enriba da mesa vellas reivindicacións non acadadas e novas demandas.

Fixo fincapé en que a celebración deste 1º de Maio non pode escapar ó contexto, empañado pola guerra en Ucraína que está a levar a unha situación de crise económica a nivel mundial pero tamén ó sufrimento inxusto do pobo ucraíno e de moitos cidadáns rusos que están a ser perseguidos polo súa postura en contra desta inxusta guerra. Neste senso, manifestou a solidariedade do Sindicato con todos eles e con moitos outros pobos onde celebrar esta data e mesmo facer sindicalismo no día a día é causa de represión e persecución.

Destacou a bagaxe positiva coa se concorre a esta edición do 1º de Maio, cos acordos en materia de pensións, o SMI, teletraballo, ERTE's ou reforma laboral, froito todos eles do diálogo social e dunha ardua tarefa de negociación e concertación. E, precisamente, isto debe animar ós galegos e galegas a saír ás rúas para defender o conseguido.

Pero a cara negativa deste 1º de Maio é unha conxuntura económica marcada por un IPC na contorna do 10% que se non vai acompañada dunha suba de salarios e non se garante a suba das pensións, como algúns xa están a suxerir, conducirá ó empobrecemento das familias deste país.

Neste senso, a postura da CEOE, en relación ó AENC, ten que mudar. Ten que apostar por garantir cláusulas de revisión salarial que aseguren o mantemento do poder adquisitivo das familias. O contrario vai supoñer o conflito e o país, na conxuntura actual, require de pacto e negociación. Pero a cerrazón da patronal

pode conducir ó contrario porque non se pode consentir que sexan os traballadores, cos seus salarios, os que paguen as consecuencias. Xa hai a día de hoxe sectores, como o do telemarketing ou o do alimentación e comercio da provincia da Coruña que xa están nunha situación de conflito aberto ata que non



LOCALIDADE	HORA	SAÍDA
A CORUÑA	12:00	PRAZA DE A PALLOZA
SANTIAGO	12:00	A ALAMEDA
FERROL	12:00	PRAZA DO INFERNIÑO PORTA NOVA
LUGO	12:30	RONDA DA MURALLA (DIANTE DE SINDICATOS)
OURENSE	12:00	PAVILLÓN DOS REMEDIOS
PONTEVEDRA	12:00	PRAZA DA FERREIRÍA
VIGO	11:30	CRUZAMENTO DE URZÁIZ COA VÍA NORTE
VILAGARCÍA	12:30	PRAZA DE RAVELLA

se lles garanta ós seus traballadores e traballadoras o mantemento do poder de compra.

Recoñeceu que tanto o Goberno central como o da Xunta adoptaron medidas para paliar a situación, medidas que UGT saúda pero que considera insuficientes. Urxe un maior soporte para os máis vulnerables. Hai en España 9.500.000 persoas con salarios de 1.000 euros ou menos, desempregados, perceptores de pensións non contributivas ou con complementos a mínimos. Cifra que en Galicia sitúase nas 500.000 persoas que, de seguro, teñen serias dificultades para chegar a fin de mes. Por iso, urxe habilitar outro tipo de achegas para os máis vulnerables.

Na súa intervención, tamén rexeitou a receita, para combater esta crise, das rebaixas fiscais que, de seguro, traerían consecuencias negativas no eido internacional e traerían consigo consecuencias moi negativas tamén no eido do investimento público.

Finalmente, explicou que neste 1º de Maio vanse levar ás rúas unha serie de reivindicacións como a suba do SMI a finais de ano para que este se sitúe no 60% do salario medio do país; seguir avanzando en materia de igualdade; poñer en marcha un plan de loita contra a lacra da sinistralidade laboral; as 32 horas semanais; unha transición ecolóxica xusta; e a reforma dun ET para o século XXI.

ESTE 28 DE ABRIL, DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO, UGT RECLAMA UN PLAN DE CHOQUE, A REDUCCIÓN DOS RISCOS PSICOSOCIAIS, A CREACIÓN DO DELEGADO/A DE PREVENCIÓN SECTORIAL/TERRITORIAL, DOTAR Á INSPECCIÓN E FISCALÍA DE MÁIS RECURSOS E MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA A COVID PERSISTENTE

CUN INCREMENTO DA SINISTRALIDADE DE MÁIS DO 18% EN GALICIA NO ÚLTIMO ANO E UNHA SUBA DO 26% NOS DOUS PRIMEIROS MESES DE 2022, URXE UN PLAN DE CHOQUE

Nos dous primeiros meses do ano Galicia é a Comunidade que máis persoas falecidas rexistra e con maior índice de incidencia

Redacción.- Un ano máis, UGT-Galicia lamenta que o 28 de abril, Día mundial da seguridade e saúde no traballo, teña que celebrarse denunciando a lacra da sinistralidade laboral que continúa presente no mercado laboral galego. E este ano arrancou, neste senso, con cifras moi negativas, situando a Galicia á cabeza da sinistralidade mortal e costa moito dixerir como ano tras ano continúan producíndose mortes por causas facilmente prevenibles e evitables.

As cifras están aí e demostran que a sinistralidade laboral segue a ser a gran lacra do mercado de traballo. No ano 2021 rexistráronse en Galicia, segundo os datos publicados polo ISSGA, 26.402 accidentes laborais, o que supón un incremento dun 18,3 por cento en relación ó ano anterior, cando se contabilizaban 22.318 accidentes.

Deste total, 25.939 foron accidentes de carácter leve, 415 graves e 48 mortais. A isto hai que sumarlle os accidentes “in itinere”, un total de 2.589 no 2021, un 17,2% máis que no 2020. Destes, 2.544 foron leves, 40 graves e 5 mortais.

Por sectores (excluíndo os “in itinere” que non son desagregados polo ISSGA), o servizos é o que máis sinistros rexistrou, 13.430; seguido da industria, 6.689; construción, 4.205; agricultura, 1.337; e pesca, 741. En todos eles deuse un aumento en relación ó ano anterior, excepto na pesca.

Territorialmente, é a provincia da Coruña a que máis accidentes rexistrou, 11.733 (máis 1.069 “in itinere”) e con 22 mortais (máis dous “in itinere”). Pontevedra rexistrou 8.941 (máis 1.043 “in itinere”), con 15 mortais (máis 2 “in itinere”); Lugo, 2.965 (máis 228 “in itinere”), con 5 falecidos (máis 1 “in itinere”); e Ourense, 2.763 (máis 249 “in itinere”), con 6 persoas mortas durante a súa xornada laboral.

Infartos e outras patoloxías non traumáticas son as causas que ocasionan máis accidentes mortais. Urxen medidas que reduzan os riscos psicosociais

Dentro dos accidentes laborais mortais en xornada, 48 (excluíndo os “in itinere” porque o ISSGA tampouco fai esta desagrega-

ción), 25 producíronse por infartos e outras patoloxías non traumáticas. Neste senso, UGT-Galicia demanda políticas que atendan á redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora, xa que tanto os infartos como os derrames cerebrais son patoloxías asociadas a este tipo de riscos laborais.

A segunda causa de morte, con 9 persoas falecidas, foron as caídas ou golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles. 6 mortes foron ben por amputacións ou atrapamentos. 5 por choques ou golpes contra obxectos en movemento. Unha por contacto con corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas. E outra por afogamentos ou sepultamentos. A todo isto hai que engadirlle as 5 persoas falecidas “in itinere”, no traslado do fogar ó traballo ou á inversa.

En canto ó índice de incidencia, accidentes por cada 100.000 traballadores, en Galicia este foi no 2021 de 2.630,95, un 16,36% máis elevado que o ano anterior. Este índice, no caso dos sinistros mortais, situouse no 4,78.

Tampouco se poden esquecer os accidentes de traballo rexistrados, segundo o ISSGA, nos que non foi necesaria a baixa, 14.627 no ano 2021 en Galicia.

En canto ás activida-



des económicas, segundo datos do Ministerio de Traballo e Economía Social, no 2021 nesta Comunidade, a industria manufacturera é a que máis sinistros rexistrou, 6.169. Seguida esta da construción, 4.217; comercio ó por maior e menor, reparación de vehículos e motor, con 3.357; 2.510 nas actividades administrativas e servizos auxiliares; 2.072 no transporte e almacenamento; ou 2.054 na agricultura, gandería, silvicultura e pesca. Despois, descenden dos 2.000 no caso das actividades sanitarias e de servizos sociais, con 1.844, ou administración pública e defensa e Seguridade Social, con 1.020, ou a hostalería, con 1.407.

Incluír a COVID-19 no listado de enfermidades profesionais e atender no eido laboral á COVID persistente

O Ministerio tamén achega datos dos accidentes con baixa por COVID-19. En Galicia no 2021 rexistráronse 355 casos. Neste senso, UGT-Galicia insiste en que neste país a COVID-19 segue sen estar incluída no listado de enfermidades profesionais, o que provoca que moitas persoas traballadoras queden desamparadas e sen a prestación que merecen. E, por outra banda, está a COVID persistente, con consecuencias laborais para quenes a sofren e que esixe de políticas de prevención e de Seguridade Social específicas que aínda están sen desenvolver.

UGT denuncia a infradeclaración das enfermidades profesionais, sobre todo, nos cancros de orixe laboral con só unha comunicación. Tan só 755 casos rexistrados en Galicia con baixa e 541 sen baixa

Mención aparte merecen as enfermidades profesionais, con tan só 755 casos rexistrados en Galicia no 2021, o que evidencia a súa infradeclaración. Deste total, 598 corresponden ó denominado grupo II (en-

femidades causadas por axentes físicos). Estas son as que ocasionan baixa. E, sen baixa, 541, das que 468 tamén son do grupo II. Para UGT, o procedemento de notificación e o rexistro son inoperantes, privando ás persoas traballadoras do recoñecemento da orixe laboral da súa enfermidade e do acceso ás prestacións ás que ten dereito. Ademais de ter un impacto directo na prevención porque o que non se rexistra non existe e, polo tanto, non se adoptan medidas preventivas. E, se nalgún tipo de patoloxías é especialmente escandalosa a súa infradeclaración é no caso dos cancros de orixe laboral. No 2021 só se comunicou un caso dentro do grupo VI (enfermidade profesional causada por axentes carcinógenos).

Amianto

Neste apartado, merece unha mención aparte o amianto, un carcinógeno que leva 20 anos prohibido pero que continúa causando enfermidade e morte e España carece dunha estratexia estatal para a súa erradicación. UGT-Galicia urxe á aprobación do fondo de compensación das vítimas do amianto dando cobertura ás exposicións laborais, familiares e ambientais, librándoas do calvario administrativo e xudicial ó que actualmente están sometidos os doentes para ver os seus danos indemnizados.

Galicia á cabeza da sinistralidade mortal do Estado nos dous primeiros meses de 2022

Nos dous primeiros meses de 2022, segundo os datos do Ministerio, xa que a Xunta non facilita estas estatísticas, Galicia rexistrou un total de 4.338 sinistros (incluídos os "in itinere"), o que supón un incremento dun 26% en relación a hai un ano. Destes, 4.255 foron leves; 58 graves; e 31 resultaron mortais, un 675% máis que nos dous primeiros meses de 2021. De feito, Galicia foi a Comunidade con máis falecidos, cun ín-

dice de incidencia, o máis alto do Estado, de 1,446 puntos, moi por enriba dos 0,311 da media estatal e afastada da segunda Comunidade que rexistra o índice máis elevado, do 0,697, Castela-A Mancha.

Por provincias, A Coruña rexistrou 1.906 sinistros; Pontevedra, 1.444; 513 Lugo; e 475 Ourense.

Por todo isto, e ante este 28 de abril, UGT-Galicia demanda situar a prevención no centro da recuperación e facer da saúde laboral un dereito fundamental. Nesta liña de traballo, o Sindicato demanda abrir mesas de diálogo social para poñer o foco na prevención de riscos laborais e nas condicións de seguridade e saúde nos centros de traballo. Hai que repensar o modelo de xestión preventiva nas empresas e fortalecer os organismos con competencias en materia de seguridade e saúde no traballo.

Son necesarios cambios lexislativos para interiorizar a prevención no seno das empresas, co fin de xestionar a prevención de xeito eficaz, así como reverter as normas que permitiron asumir a prevención ó empresario nas empresas de ata 25 traballadores, mellorar a calidade das actividades preventivas, incorporar a perspectiva de xénero na prevención a abordar os riscos derivados das novas formas de organización do traballo (dixitalización, intelixencia artificial, teletraballo ou traballo en plataformas), especialmente, o seu impacto nos riscos psicosociais, así como nos riscos derivados dos efectos que o cambio climático ten para a saúde das persoas traballadoras.

Parellelo a isto, precísanse ampliar os recursos humanos e materiais da Inspección de Traballo, do Instituto Nacional da Seguridade e Saúde no Traballo, que a Fiscalía aborde con máis intensidade a súa acción nos delitos de risco e dano á saúde dos traballadores; tampouco pode faltar a creación do delegado/a de prevención territorial e/ou sectorial para todas aquelas empresas que non dispoñen de representación sindical.

UGT SERVICIOS PÚBLICOS E FICA CELEBRAN SENDAS XORNADAS SOBRE ELECCIÓNS SINDICAIS E NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Redacción.- Delegados e delegadas e cadros das federacións galegas de UGT Servizos Públicos e FICA celebraron ó longo desta semana sendas xornadas ó redor da formación en materia de eleccións sindicais e negociación colectiva.



A MELLORA DA CALIDADE DO EMPREGO DEBE TRAER CONSIGO O AUMENTO DOS SALARIOS

A EPA do primeiro trimestre de 2022 reflicte o continuo aumento das persoas con contratos indefinidos, 22.800 máis respecto ó trimestre anterior e no ano 38.900 máis

Redacción.- Os datos da EPA do primeiro trimestre do ano, publicados este xoves polo INE, mostran unha cifra total de 141.000 desempregados en Galicia, un 4,4% máis que no trimestre anterior, situando a taxa de paro en 11,4%. Pola súa banda, o número de ocupados mantense.

O descenso do emprego é un fenómeno habitual nos primeiros trimestres do ano, debido a que veñen precedidos da etapa do Nadal, onde a actividade económica é maior e, por tanto, aumenta a contratación. Con todo, xa se poden apreciar melloras en canto á calidade do emprego, froito dos cambios introducidos pola nova a reforma laboral. Así pois, constátanse cambios de tendencia nalgúns problemas crónicos do noso mercado laboral –ao reducirse a taxa de temporalidade e rotación laboral-, aínda que haberá que esperar algúns meses máis para poder avaliar e certificar a consolidación destas dinámicas.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores considera que, a pesar destes datos positivos, non debemos baixar a garda na nosa máxima de protexer o emprego. Un obxectivo que se ve comprometido polo incerto contexto internacional, que provocou unha revisión á baixa das predicións de crecemento; e polo grave problema económico e social que supón a alza dos prezos, que seguirán alcanzando cotas elevadas nos próximos meses.

Por iso, UGT manifesta a necesidade de seguir despregando as medidas que sexan necesarias para apoiar ao noso tecido produtivo e reforzar a actividade económica, estendendo así o ciclo de creación de emprego. Este, ademais de apoiarse nun maior predomínio da contratación indefinida, debe vir acompañado tamén dunha política salarial que, sen comprometer a viabilidade económica e financeira das empresas, garanta un incremento salarial adecuado para que a clase traballadora preserve así o seu poder de compra. Non hai que esquecer que a protección das rendas supón unha tarefa crave para soste a demanda interna, a principal panca de crecemento do noso país.

Para UGT, este Primeiro de Maio temos que falar do futuro. E para que este sexa digno, debemos subir os salarios e as pensións conforme ao IPC, conter os prezos e asentar as bases dunha sociedade máis igualitaria. Así mesmo, o sindicato reivindica tamén a necesidade de seguir impulsando a seguridade e saúde no traballo e abordar a transición cara a unha xornada laboral de

32 horas semanais, que permita unha mellora xeneralizada da calidade de vida. Nas nosas mans está conquistar o presente para gañar o futuro.

Radiografía da EPA en Galicia

Os datos amosan que hai en Galicia 31.600 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 3%) e, en relación ó cuarto trimestre de 2021, hai unha mellora da actividade, con 6.000 persoas máis, pero, ollo, porque practicamente o total destas novas incorporacións ó mercado laboral van ó desemprego. Non obstante, en relación ó último trimestre de 2021, a ocupación en Galicia mantívose, algo lóxico porque este estivo influído pola temporada de Nadal, o que fai difícil mellorar as cifras.

É dicir, aínda que a EPA amosa, sobre todo en relación ó ano anterior, unha certa remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 52,7%, fronte ó 58,5% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro caeu en 17.300 persoas, o que supón o 10,9%. E, en relación ó trimestre anterior, o paro subiu un 4,4%.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 141.000 persoas desempregadas, no 11,4%. No caso dos homes esta taxa é do 10,1% e do 12,9% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 32%.

Por sectores, o emprego mellora na construción, cunha suba da ocupación dun 5,9%, e no sector servizos, cun aumento do 0,6%. Pola contra, baixa esta na agricultura e pesca, nun 6,1%, e na industria, nun 2,7%.

Hai en Galicia un total de 892.200 asalariados, mellorando con respecto ó trimestre anterior e ó ano.



A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que mellora. Cae ata o 22,5% cun fortísimo aumento no trimestre da poboación asalariada con contrato indefinido, do 3,4%, e unha caída dos temporais, dun 6,9%. No ano tamén comeza a notarse a estabilidade do emprego, aumentando a poboación asalariada con contrato indefinido nun 6% e tan só nun 0,8% a temporal.

O que si hai que salientar é o aumento da parcialidade, cunha taxa do 14,3%, subindo tanto en relación ó trimestre anterior, do 13,6, como ó mesmo trimestre do ano anterior, do 13,4. E, ademais, hai que salientar que a taxa de parcialidade involuntaria tamén é moi alta, do 77,9%.

Difícil situación para moitos fogares e máis de 57.000 persoas que levan máis dun ano no desemprego

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 50.700 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 27.300 fogares que non perciben ingresos.

Das 141.000 persoas que están no desemprego, 57.200 levan máis dun ano nesta situación.

CATRO XORNADAS DE FOLGA NO METAL DA PROVINCIA DA CORUÑA POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- UGT, CCOO e CIG venen de rexistrar na Delegación territorial da Xunta na Coruña a convocatoria de catro xornadas de folga para o sector do metal da provincia ante as posicións inmovilistas da patronal no proceso de negociación do convenio.

Concretamente, as catro xornadas de folga convocadas son para os días 5, 12, 18 e 19 de maio, e están chamados máis de 16.000 traballadores do sector na provincia.

O proceso de negociación do convenio abriuse en outubro de 2019, parali-

zouse coa pandemia e retomouse hai pouco máis dun ano pero durante todo este tempo a patronal mantivo unha postura inmovilista nas súas propostas que conduce a unha significativa perda de poder adquisitivo dos traballadores, algo inasumible cunha inflación desbocada.

O secretario xeral de UGT FICA Galicia, Javier Carreiro, insiste en que os sindicatos levan moitos meses traballando por unha solución ra-



zoable que parece non chegar, o que levou á convocatoria destes catro días de folga.

PECHES EN PONTEVEDRA E OURENSE CONTRA O DESMANTELAMENTO DE CORREOS

Redacción.- Representantes sindicais de UGT e CCOO protagonizaron sendos peches esta semana nos edificios de Correos en Pontevedra e Ourense como símbolo de protesta pola reconversión e o desguace do servizo público postal.

Ambas mobilizacións son previas ás xornadas de folga convocadas en Correos os días 1, 2 e 3 de xuño.

UGT leva máis de dous anos denunciando o desguace de Correos, o que está a provocar a frustración e desilusión dos traballadores e traballadoras do servizo postal público.



dores e traballadoras.

A implantación do novo modelo condena a Correos a ser un operador paquetero, loxístico e de carga de mercadorías, onde o negocio prima sobre o servizo postal público á cidadanía. O presidente da compañía está a amosar ser un pésimo xestor que está a poñer en risco a súa viabilidade e o seu futuro, comprometendo o futuro de 47.000 traballa-

Para UGT, resulta inaceptable que Correos estea ó borde da quebra técnica e ruína económica, con máis de 500 millóns de perdas en tres anos, 400 millóns de déficit estrutural e préstamos por un montante de 1.000 millóns para o pago de nóminas. Todo froito do caos da xestión e o despilfarro de gastos.

UGT-VIGO PARTICIPA NA FEIRA DO EMPREGO ORGANIZADA POLA UNIVERSIDADE

Redacción.- UGT-Vigo participou cun estand propio na Feira do emprego organizada ó longo desta semana pola Universidade viguesa. Para o Sindicato, este é un xeito de achegarse ós máis mozos, a aqueles que en pouco tempo van formar parte do mercado laboral, co fin de que coñezan o traballo que fai o Sindicato e que lles pode achegar ou como os pode axudar, tanto no momento actual, como estudantes, como cando emprendan a súa carreira laboral.



UGT Galicia
A Coruña e Cee

Jornada formativa:

El futuro de la igualdad en el empleo y el liderazgo desde la perspectiva de género

PARTICIPAN: SANDRA GARCÍA (INSPECTORA DE TRABAJO Y SEGURIDAD SOCIAL) Y TRINIDAD CAMPOS (SECRETARÍA DE IGUALDAD UGT GALICIA).

6 DE MAYO DE 2022 - 09:30 A 14:30 [+ COMIDA]

AULA DE FORMACIÓN - EDIFICIO SINDICATOS ALFONSO MOLINA

Jornada donde hablaremos de la perspectiva de género en las relaciones laborales, la posición de las mujeres en el mercado de trabajo, los retos en la aplicación del principio de igual retribución por trabajo de igual valor, la brecha salarial, ...

Inscríbete en Ugt A Coruña - Cee

Avda Fernández Latorre 27, 1º - A Coruña
981 241 122 - ugtcoruna@galicia.ugt.org

UGT-Coruña organiza o 6 a xornada sobre "O futuro da igualdade no emprego e liderazgo"

UGT ESIXE CLÁUSULAS DE REVISIÓN SALARIAL ANTE O INCREMENTO DOS PREZOS

O sindicato insta á patronal a alcanzar un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva que garanta o poder adquisitivo das persoas traballadoras, e evitar así que sexan as que sufran as consecuencias máis graves desta situación

Redacción.- Os datos do IPC adiantado do mes de abril mostran unha taxa anual do 8,4 %, continuando así unha tendencia preocupante que pon en xaque a recuperación económica e social do noso país. A espiral inflacionista segue estando fortemente determinada pola situación de guerra en Ucraína, que presiona á alza o prezo dos produtos enerxéticos, aínda que cabe sinalar o efecto contaxio que vén producindo sobre outros produtos básicos, especialmente nos alimentos.

Lonxe de corrixirse este problema a curto prazo, estímase que a taxa anual media do IPC situarase ao redor do 7% en 2022, moi por encima do 3,1% rexistrado o ano pasado. Este escenario require a aprobación de medidas excepcionais que poñan freo á escalada de prezos, protexendo así a competitividade do noso tecido produtivo e o poder de compra da clase traballadora.

Limitar o prezo de referencia do gas, un acordo positivo, pero que non é suficiente

Neste sentido, valora o recente acordo alcanzado para limitar o prezo de referencia do gas, establecendo un tope inicial de 40 €/ MWh e un prezo medio de 50 €/ MWh durante os 12 meses de vixencia desta medida. Un logro importante para moderar a inflación nos últimos meses do ano pero que non debe ser o único.

Por iso, UGT reclama abordar unha solución permanente a nivel europeo, dando paso a un sistema de fixación de prezos máis xusto, onde a factura eléctrica veña determinada segundo os custos reais de produción, en contraste co sistema

marxinalista de prezos actual, o cal nos condena a pagar un prezo da luz segundo a oferta de produción da tecnoloxía máis cara (o gas).

Un novo AENC que respecte o poder adquisitivo das persoas traballadoras

O sindicato insta á patronal para alcanzar un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) que garanta o poder de compra das traballadoras e traballadores, pois sería moi negativo para a economía e inxusto socialmente que o impacto da inflación termine xerando un agravio distributivo en detrimento das persoas asalariadas. Ademais, a orixe da alza dos prezos non se sitúa no incremento salarial, que actualmente evoluciona por baixo do IPC, e non hai ningún motivo para que neste 2022 non se chegue a un acordo que estableza un escenario plurianual de crecemento salarial que garanta o poder

de compra.

Datos

O IPC adiantado do mes de abril mostra unha taxa interanual do 8,4%, 1,4 puntos menos respecto ao dato do mes anterior. Neste comportamento, o INE destaca a subida de prezos de alimentos e bebidas non alcohólicas, mentres que o prezo da electricidade e os carburantes, aínda que continúa elevado, descende con respecto ao mes anterior.

Pola súa banda, a estimación de inflación subxacente, que exclúe os produtos enerxéticos e os alimentos non elaborados, aumenta un punto, alcanzando unha taxa anual do 4,4%, o valor máis elevado desde decembro de 1995. Así pois, este dato reflicte o efecto contaxio que se está producindo sobre o prezo doutros produtos básicos, encarecéndose así a cesta de compra habitual.

